

Acta da Xunta de Escola extraordinaria do 2 de decembro de 2024

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola extraordinaria do 02/12/2024
- II. Asistentes á Xunta de Escola extraordinaria do 02/12/2024
- III. Novas propostas de PDA dos Graos para o curso académico 2025/2026:
 - a. PDA G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
 - b. PDA G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

Ábrese a sesión ás 14 horas, na Sala de Graos da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátase o seguinte punto da orde do día:

- **Aprobación, se procede, da modificación do encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2025/2026.**

A Directora lembra que na sesión anterior da Xunta de Escola se aprobaron as propostas de PDA dos dous graos en base á PDA máxima achegada pola Vicerreitoría. Como xa se indicou na sesión, a Subdirectora de Planificación e Organización Académica fixo unha consulta relativa a uns erros atopados nos cálculos utilizados (concretamente relativos aos datos de matrícula). Unha vez recibida a PDA máxima corrixida, propónse unha modificación da PDA dos graos (Anexo III). Aclara que no documento achegado están marcados en sombreado gris os cambios propostos e en amarelo os propostos e aprobados na anterior Xunta de Escola.

Cede palabra a María Araújo, Subdirectora de Planificación e Organización Académica, quen comenta os cambios propostos coa idea de resolver posibles problemas derivados da matrícula e que supoñen un aumento de 170 horas sobre a proposta anterior. Os principais cambios consisten en engadir un 5º grupo B en *Informática* (1º curso), axustar o número de grupos en 2º e en 3º, aumentar un grupo C en *Proxectos* e incrementar as horas dos grupos C da materia *Proxecto Colaborativo* (de 14 a 18 horas).

Propón indicar na proposta que, no caso de que sexa necesario engadir algún grupo B por matrícula, se poida facer no momento que se coñeza a mesma.

A Xunta de Escola ratifica a proposta de PDA por asentimento.

A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado e a revisión detallada dos datos.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14 horas e 16 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dous de decembro de dous mil vinte e catro.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola extraordinaria do
02/12/2024

Asunto: Convocatoria extraordinaria de Xunta de Escola

Por orde da súa presidenta, convócase reunión extraordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o luns, 2 de decembro de 2024. A reunión terá lugar na Aula de Grao ás 13:30 horas en primeira convocatoria e ás 14:00 horas en segunda, para tratar o seguinte punto da orde do día:

- Aprobación, se procede, da modificación do encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2025/2026.

Vigo, 28 de novembro de 2024

O Secretario

Guillermo García Lomba

A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA

CSV : GEN-6d07-ba73-a192-96b1-0ce7-be6c-0237-591b

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 28/11/2024 13:53 | NOTAS : F





ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola extraordinaria do 02/12/2024

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 02/12/2024

Persoal Docente e Investigador

1. Alonso Prieto, Elena
2. Andrés Herguedas, Laura
3. Araújo Fernández, María
4. Cabeza Simó, Marta
5. Deive Herva, Francisco Javier
6. Domínguez Santiago, Ángeles
7. García Bastante, Fernando
8. García Lomba, Guillermo
9. Patiño Vilas, David
10. Pazo Rodríguez, María
11. Pérez Orozco, Raquel
12. Pérez Pérez, M^a Carmen
13. Rodríguez Rodríguez, Ana María

Alumnado

14. Pacini, Romina
15. Parente Artime, Belén

Persoal de Administración e Servizos

16. García Caurel, Jesús
17. Romo Pérez, M^a del Carmen

Desculpan a súa ausencia

- Arias Sánchez, Pedro
- Diez Ferrer, José Bienvenido
- Feijoo Lorenzo, Andrés Elías
- Vázquez Dorriño, José Benito
- Vijande López, Javier

ANEXO III

Propostas PDA dos Graos para o curso académico 2025/2026:

- a. PDA G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía
- b. PDA G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos